



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNION

Dirección – Comité (14/12/2011)

Da Reunión mantida no día de hoxe, destacar os seguintes puntos:

Calendario 2012.- Estando ante un ano similar ó 2009, a Dirección presenta un calendario provisional (Anexo no dorso da nota) onde sinalan: tres semanas de vacacións e unha semana de Adecuación (catro semanas continuadas en agosto), quedando o resto das vacacións para Decembro. Os dous días que podías ser de disfrute individual, contéplannos como colectivos, deixando o resto dos días laborais do ano en función da produción, é dicir, un calendario a confirmar mensualmente. A C.I.G., para a súa valoración pregunta se na planificación da produción están previstos cambios a respecto do Sistema II. A Dirección manifesta que non contempla ningún que favoreza un maior equilibrado entre os dous Sistemas.

Plan de Formación 2012.- Logo da exposición feita sobre esta materia tanto no ano 2011 como as previsións para o 2012, ante o compromiso adquirido pola Dirección no 2011, a C.I.G. preguntou se tódolos profesionais desprazados das súas funcións recibiron a formación comprometida. Infórmasenos que do Colectivo pendente recibiron formación específica 13.

Peche e Apertura.- Con motivo dos traballos previstos a realizar durante o período do Nadal, no cal se prevé a presenza de entre 800/1000 traballadores/as diarios, a Dirección informa que:

Sistema I.- Pechará a Quenda de Noite o día 22, garantindo un mínimo de 4 horas nos Talleres de Ferraxe e un máximo de 7 horas en Montaxe. O arranque será o día 4 de Xaneiro ás 6 da mañá.

Sistema II.- Pechará a Quenda B o día 20, onde nos Ferraxes non se traballará (a cargo da Bolsa de Horas). Na Nave F (Masillas) garanten unha presenza máxima de 4 horas. Na Nave P a xornada será superior a 6 horas e en Montaxe modifican o horario de saída do Luns e Martes para garantir que non se prolongue a xornada máis alá das 22 horas. O arranque será o día 9 de Xaneiro as 6 da mañá.

Neste punto a C.I.G. manifestou a súa discrepancia sobre a utilización da Bolsa de Horas que se fai para cos traballadores/as de Ferraxe, e no que respecta o Taller de Masillas pedimos que, como mínimo, se lle pague o horario confirmado pola Dirección para esa semana, **5 horas e 48 minutos**.

Varios.- Neste apartado a C.I.G. formulou dúas peticións á Dirección:

1º.- Unha Reunión onde participe o Responsable do Departamento de Prevención na que nos expoña o procedemento seguido a respecto da obrigatoriedade do uso universal do "Casco Ligero" nos postos do Taller de Ferraxe. **A Dirección non mira dificultade para que na vindeira reunión asista.**

2º.- Se nos facilite a Documentación pertinente para poder así comprobar os motivos polos que este ano 2011 non se van levar a cabo nin Contratación Fixa nin Novacións de Contratos, tratando de evitar así malas interpretacións. A Dirección, molesta pola nosa pregunta, manifesta que a C.I.G. soamente percibirá aquela documentación que, por lei, estean obrigados a facilitarnos.

NOTA: A TÓDOLOS AFILIADOS E AFILIADAS.- Informarvos que, o vindeiro sábado día 17 as 11 horas, celebraremos unha Asemblea Xeral de Afiliados/as, nos locais da Central, Gregorio Espiño 47, para debater e analizar o Calendario laboral 2012.

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA